


Agustín Fernández Mallo

La forma de la multitud

(capitalismo, religión, identidad)



I Premio de Ensayo Eugenio Trías

Galaxia Gutenberg

PRESENTACIÓN

Agustín Fernández Mallo

conversará co
escritor

Xavier Seoane

**Xoves, 23 de novembro,
19:30 h**

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE



Somos o que LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

Entrada libre

PRESENTACIÓN

Xoves 23 de novembro, 19:30 h

Fundación Luis Seoane

Agustín Fernández Mallo (A Coruña, 1967)

É licenciado en Ciencias Físicas. A súa última novela é *Trilogía de la guerra* (Seix Barral, 2018) que obtivo o Premio Biblioteca Breve. Entre 2006 e 2009 publica o Proyecto Nocilla (Alfaguara), que consta das novelas *Nocilla Dream*, *Nocilla Experience* e *Nocilla Lab*, galardonadas con diferentes premios e traducidas a varias linguas. É autor do libro de relatos *El hacedor (de Borges), remake* (Alfaguara, 2011), e da novela *Limbo* (Alfaguara, 2014). No ano 2000 acuñou o termo Poesía Postpoética, reflectida nos poemario *Yo siempre regreso a los pezones y al punto 7 del Tractatus* (2001, reedición 2012), *Creta lateral travelling* (2004, premio Café Món), *Joan Fontaine odisea* (2005), *Carne de píxel* (2008, premio Ciudad de Burgos de Poesía), e *Antibiótico* (2012). O seu último libro de poesía é *Ya nadie se llamará como yo + Poesía reunida* (1998-2012), editado por Seix Barral en 2015. Como ensaísta, ademais de *Teoría general de la basura*, foi finalista do Premio Anagrama de Ensayo 2009 con *Postpoesía, hacia un nuevo paradigma*. En 2023 publica *La forma de la multitud*, gañador do I Premio de Ensayo Eugenio Trías.

La forma de la multitud (Galaxia Gutenberg, 2023)

É un ensaio que perfila os límites da multitude e desvela os procesos crípticos que nos conforman. Agustín Fernández Mallo traza unha xenealoxía dun capitalismo indefinidamente expansivo, partindo dunha idea do ser como unha entidade incompleta e dispersa desde a primeira interacción do corpo coa contorna. Xa na era premoderna, as relixións, as ideoloxías políticas, os sistemas filosóficos e as ciencias trataron de analizar ao ser humano, de recompilar a información cuantificable sobre a xente, para producir un conglomerado uniforme e indiferenciado, unha forma de multitude cuxo comportamento, tanto individual como colectivo, sexa predecible. O autor descúbrenos que, malia o que puidera pensarse, o capitalismo está hoxe lonxe de ser deposto ou superado e, a través dunha análise amena, sorprendente e esclarecedora, reflexiona acerca de grandes cuestións filosóficas.

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada libre